

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2019

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e trinta minutos do día dezaseis de decembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Non asiste, con escusa, dona María Jesús González Roel, do PP.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Maria Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 16 de decembro de 2019, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201912161233200000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Único. Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”

Acceso á videoacta – 00:00:40 horas

Vista a proposta de Alcaldía de data 4 de decembro de 2019.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 11 de decembro de 2019.

Visto que con data 12 de decembro de 2019 o Sr. alcalde presenta emenda ao ditame emitido pola comisión informativa, na que se propoñen as modificacións que a continuación se relacionan, ao terse detectado erros materiais na redacción da proposta:

1.- Na redacción do apartado de acordos da proposta, no Punto 1. letra C) *Financiamento de investimentos*, onde di:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
----	0,00€	0,00€	0,00€
Subtotal investimentos achega provincial 2019	0,00€	0,00€	0,00€

Debe dicir:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
----	0,00€	0,00€	0,00€
Subtotal investimentos achega provincial 2020	0,00€	0,00€	0,00€

2.- Na última alínea do Punto 1. letra C) *Financiamento de investimentos*, onde di:

“Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.”

Debe dicir:

“Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.”

3.- Cómpre eliminar a última alínea da proposta, antes da sinatura do señor alcalde, onde se di:

“E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe do sr. alcalde-presidente do Concello de Cambre.”

quedando o resto da proposta que se leva a aprobación do Pleno municipal, tal e como consta na propia emenda, segundo se transcribe a continuación:

«O goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación dun paquete de actuacións financiadas con cargo ao Plan de Obras e Servizos (POS+) do ano 2020 cuxas bases foron publicadas no BOP número 208 do 31 de outubro de 2019.

O Concello de Cambre ten unha asignación para o POS + 2020 dun total de 798.530,01€, correspondendo 370.504,39 € á “achega provincial 2020”, 89.665,45 € a “Achega provincial 2019” e 338.360,17 € a “Préstamo provincial 2020”.

Segundo o disposto na base 2 das reguladoras do Plan, en primeiro lugar, os concellos deberán obrigatoriamente destinar a cantidade asignada neste Plan en concepto de “achega provincial 2019” e “achega provincial 2020” ao pago das súas débedas con provedores cuxas facturas de importe igual ou superior a 100,00€ (IVE engadido), teñan data de entrada no Rexistro Xeral do Concello ata o 30 de xuño de 2019, este incluído, que estean pendentes de pago no momento de elaboración do informe que para estes efectos emita a Intervención do concello, separando as facturas que se imputan ao capítulo II do orzamento municipal e as que se imputan ao capítulo VI.

No caso de que o concello teña débedas con provedores con estes requisitos, deberá aplicar ao seu financiamento, en primeiro lugar a “achega provincial 2019”, ata esgotala, e posteriormente, deberá aplicarse a “achega provincial 2020” ata esgotala tamén, coa única excepción que se indica no penúltimo parágrafo da Base 2.1 (cando o importe destas débedas do concello con provedores sexa moi elevado, e coa finalidade de que o concello poida dar resposta á situacións especiais e singulares, o concello poderá solicitar de forma debidamente xustificada, a aplicación de ata

o 25 % da suma de “Acheга provincial 2019” e “acheга provincial 2020” para o financiamento de investimentos necesarios, urxentes e inaprazables, sempre que teñan a condición de financeiramente sostibles).

Non obstante, o concello tamén poderá, voluntariamente, destinar as ditas achegas provinciais 2019 e 2020 ao financiamento doutras facturas con data de entrada no Rexistro Xeral do concello posterior ao 30 de xuño de 2019 que estean pendentes de pago no momento da elaboración do referido informe.

A cantidade restante poderá destinala cada concello a os outros obxectos, segundo corresponda polo ti poda achega principal:

- Gasto corrente: O concello poderá destinar a “acheга provincial 2020” ou excepcionalmente a “acheга provincial 2019” no suposto previsto no último parágrafo da Bases 2.2 , ao financiamento dos seus gastos correntes orixinados polos servizos de competencia municipal obrigatorios do exercicio 2020, sen límite ningún.
- Realización de investimentos: O concello poderá destinar a “acheга provincial 2020” a “acheга provincial 2019” e o “préstamo provincial 2020” ao financiamento de investimentos de competencia municipal. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas.
- Redución da débeda do concello con entidades financeiras: No que se refire ao posible destino do “préstamo provincial 2020”, o concello deberá aplicar a reducir o seu endebedamento con entidades financeira,s como mínimo, o importe resultante de aplicar ao dito préstamo provincial 2020 asignado, a porcentaxe do seu “nivel de endebedamento”, e o préstamo provincial restante só poderá destinalo ben a reducir máis débeda municipal con entidades financeiras ou ben á realización de investimentos.

A proposta presentada inclúe as seguintes actuacións:

- Destinar a totalidade do importe correspondente á “Acheга 2019” (89.665,45€) ao investimento financeiramente sostible, que se indica a continuación:

Denominación	Importe (IVE engadido)
RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO EN CORGO, OUTEIRO E BANDEBÓ, PARROQUIA DE BREXO-LEMA	89.665,45€

Este investimento ascende a un total de 89.665,45€, polo que o Concello de Cambre non debe facer aportación económica algunha.

- Destinar a totalidade da asignación da “Acheга 2020” (370.504,39€), a gasto corrente.
- Destinar a asignación do “Préstamo 2019” (338.360,17€), por importe de 138.867,02€ á redución das débedas do concello con entidades financeiras, e 153.159,37€ aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, sen que o Concello deba facer achega económica ningunha. Deste xeito, déixanse sen utilizar 46.333,78 € da asignación “Préstamo 2019”.

Denominación	Importe (IVE engadido)
ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE SAN LOURENZO HACIA O PINAR E HACIA Á TORRE E BARREIROS	56.159,38€
AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO EN GRADUIL E A PENA	96.999,99€

Ademais, as bases reguladoras do POS + 2020, establecen a obriga para os Concellos de solicitar “investimentos

financeiramente sostibles” dentro do Plan Complementario, por un importe mínimo do 50% da suma dos tres tipos de achegas provinciais, isto é, como mínimo 399.265,01€, facéndose proxectos por un importe de 413.697,84€.

Así, propónse como actuacións, os seguintes investimentos:

MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NA RÚA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS E NO CAMIÑO DAS GAMELAS	66.529,10 €
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO CAMIÑO DE SAN ROQUE, FONTE CUNTÍN E COBAZÁS	95.491,28 €
MELLORA DOS PARQUES INFANTÍS DE ANDEIRO E ANCEIS	61.766,19 €
RENOVACIÓN DO EMISARIO DA REDE DE SANEAMENTO DO P.I. DO ESPIRITU SANTO, TRAMO A MARISQUEIRA E TRAMO MUÍÑO VELLO, CAMBRE	189.911,27€

Para a elección das actuacións, tívose en conta a enquisa xestionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, utilizada como instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades dotacionais básicas. En base a isto, as prioridades do Goberno Municipal son mellorar as dotacións en parques infantís e continuar coa mellora da pavimentación dos camiños e rúas municipais, así como renovar as redes de abastecemento e saneamento municipais. Outro criterio de selección foi o de abarcar o maior ámbito territorial, realizando actuacións en varias parroquias, Cambre, O Temple, Andeiro, San Lourenzo, Brexo, Sigrás e Santa María de Vigo.

Para todas estas propostas comprobouse a dispoñibilidade e a titularidade municipal dos terreos. Con estes factores combinouse a necesidade das intervencións coa viabilidade, dando lugar ás propostas que se presentan.

O proxecto denominado “Renovación da rede de abastecemento en Corgo, Outeiro e Bandebó, parroquia de Brexo-Lema”, ten por obxecto actuar nunha zona onde xa existe rede de abastecemento en PVC con máis de 30 anos de antigüidade. Debido a esta antigüidade, a sección da tubaxe e a que es un final de rede, os veciños da zona non teñen presión suficiente en época de verán e tampouco habería caudal suficiente para a conexión de novos usuarios.

O proxecto define a substitución destes tramos de tubaxe por outros novos de maior diámetro así como un cerramento de malla. Concretamente, se substituiría un tramo de 688 ml que na actualidade ten tubaxe de diámetro 63, por unha nova tubaxe de PVC 16 atm de diámetro 90 mm, e outros dous tramos que na actualidade teñen sección de 32 e 40 mm por tubaxe de PVC 16 atm de diámetro 63mm.

Pola súa parte, o proxecto “Acondicionamento dos camiños municipais de San Lourenzo hacia O Pinar e hacia A Torre e Barreiros”, define e xustifica a mellora do viario municipal 360, de San Lourenzo cara á Torre, 361, de San Lourenzo cara o Pinar e 110, Barreiros; os cales están pavimentados en terra.

Debido ao crecemento da vexetación existente nas marxes dos camiños, faise necesario a súa roza para así permitir unha boa circulación por estes, incluíndo o reperfilado das cunetas existentes co fin de mellorar a drenaxe, e reacondicionar o firme con zahorra artificial.

Co investimento “Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduill e A Pena”, preténdese a ampliación das novas redes de augas fecais na zona de Graduill e A Pena e a mellora do abastecemento na zona de Graduill. A nova rede de fecais componse de colectores de PVC parede compacta SN-4 de 315 mm que discorrián polo eixe dos viarios.

Para resolver os cambios de dirección e entronques de acometidas desde sumidoiros se colocarán pozos de rexistro de aneis prefabricados de formigón, dotados de cerco e tapa de fundición dúctil clase D-400, abisagrada e insonorizada. A nova rede de fecais componse de colectores de PVC parede compacta SN-4 de 315 mm que discorrián polo eixe dos viarios.

Para resolver os cambios de dirección e entronques de acometidas desde sumidoiros colocaranse pozos de rexistro de aneis prefabricados de formigón, dotados de cerco e tapa de fundición dúctil clase D-400, abisagrada e

insonorizada. A mellora da rede de abastecemento componse de dúas tubaxes, na zona máis urbana, baixo beirarrúa, poñerase unha tubaxe de fundición dúctil diámetro 100mm, mentres que na zona que sube se instalará tubaxe de PVC de diámetro 90 mm (16 atm). Con motivo das obras renovarase o pavimento da beirarrúa a todo o ancho

Respecto aos proxectos que se propoñen incluír no POS + 2020 Complementario, o denominado “Mellora da pavimentación no camiño de San Roque, Fonte Cuntín e Cobazás”, proxéctase realizar o acondicionamento no viario municipal de San Roque (número inventario 221 e 438), Fonte Cuntín (número inventario 350, 351 e 364) e Cobazás (municipal segundo informe de patrimonio) os cales están pavimentados en pavimento asfáltico en mal estado. Por tanto este proxecto refírese a unha obra de conservación e mantemento xa que o menoscabo prodúcese no tempo polo natural uso do viario; se reperfilarán as cunetas existentes co fin de mellorar a drenaxe do camiño e finalmente se reacondicionará o firme con aglomerado asfáltico mediante o estendido dunha capa de 5cm. tipo D-12. Finalmente nas calzadas renovadas farase a sinalización horizontal mediante pintura reflectante e microesferas de vidro.

Tamén no POS + 2020 Complementario se inclúe o proxecto denominado “Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis”. Con este proxecto, preténdese mellorar as condicións de vida da poboación en xeral pero especialmente da infancia e das persoas con diversidade funcional e necesidades especiais, dotándoos de bancos, papeleiras, xogos e elementos recreativos, así como outro mobiliario axeitado. O proxecto define e xustifica a mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis.

No parque infantil de Andeiro, plantéxase unha mellora coa restauración de todos os elementos de xogo e mobiliario, a instalación de un novo tobogán e co cambio do solo de seguridade mediante pavimento de caucho de diferentes debuxos e cores en toda a súa extensión. Para poder executar o pavimento de seguridade de caucho é necesario executar previamente unha lousa de formigón armado sobre unha capa de zahorra artificial en toda a superficie de xogos.

Así mesmo se instalará unha fonte con dúas billas, adaptada a persoas con diversidade funcional. Durante toda a execución da obra farase un continuo seguimento da seguridade e saúde e da xestión de residuos.

Finalmente, no parque infantil de Anceis, plantéxase unha mellora coa restauración de todos os elementos de xogo e mobiliario e co cambio do solo de seguridade mediante pavimento de caucho de diferentes debuxos e cores en toda a súa extensión. Para poder executar o pavimento de seguridade de caucho é necesario executar previamente unha lousa de formigón armado sobre unha capa de zahorra artificial en toda a superficie de xogos.

Así mesmo se instalará unha fonte con dúas billas, adaptada a persoas con diversidade funcional. Durante toda a execución da obra farase un continuo seguimento da seguridade e saúde e da xestión de residuos

O goberno municipal propón como outra das actuacións a incluír no POS + 2020 o investimento “Mellora da pavimentación na rúa Miguel González Garcés e en camiño de As Gamelas”. O proxecto define e xustifica o acondicionamento dos camiños Miguel González Garcés (número inventario número 169) Lagoa (número inventario 170), ademais do camiño municipal de As Gamelas (número inventario 347), as cales están realizadas en pavimento asfáltico. Debido ao paso do tempo e ao uso prodúcese unha deterioración do viario que fai necesarias obras de conservación e mantemento se reacondicionará o firme con aglomerado asfáltico de 5cm tipo D-12. Finalmente nas calzadas renovadas farase a sinalización horizontal mediante pintura reflectante e microesferas de vidro.

Finalmente, propónse incluír no Complementario, o proxecto denominado “Renovación do emisario da rede de saneamento do P.I. do Espírito Santo, tramo A Marisqueira e tramo Muíño Vello, Cambre” que pretende solucionar o problema existente no emisario sendo de diámetro 315 inferior aos das redes principais que é de 400. Debido a gran cantidade de auga incorporada a rede do polígono e proveniente de municipios limítrofes, provoca que a rede entre en carga e salten as tapas dos pozos co conseguinte perigo para circulación na estrada e entrando incluso nalgúns vivendas. Propónse actuar en dous tramos, dende augas abaixo do colector que discorre polo municipio de Cambre nunha lonxitude de 710 ml e nun tramo de 385 ml augas arriba dende onde rematou a última actuación. No primeiro, dende o límite co concello de Oleiros ate a marisqueira substituirase un tramo actual de 710 ml de lonxitude, modificando a sección dun 315 mm por outra de 500 mm, e no segundo tramo substituirase a rede actual de diámetro 315 mm por outra nova de diámetro 400 mm. Se soluciona desta forma, os problemas de nivel e

capacidade hidráulica para a evacuación das augas fecais, executando os pozos in situ, e colocando unhas tapas abisagradas e acerroxadas para impedir que salten si entrara a rede en carga.

Tendo en conta o disposto no apartado 5.B.3.2 das bases reguladoras do Plan, solicitáronse todas as autorizacións necesarias para a execución dos proxectos segundo os correspondentes informes urbanísticos.

Tendo en conta todos estes razoamentos e:

Vistos os informes urbanísticos emitidos polo arquitecto municipal con datas de data 25, 27 e 28 de novembro de 2019.

Vistos os informes favorables relativos á dispoñibilidade de terreos emitidos conxuntamente polo Enxeñeiro de Camiños Municipal, pola Técnica de Xestión de Administración Xeral e pola Secretaria Xeral do Concello, emitidos con datas 29 de novembro e 2 e 3 de decembro de 2019.

Visto os informes emitidos polo Interventor municipal de data 28 de novembro de 2019.

En base ó anterior, propono ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	370.504,39€
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00€
Subtotal gasto corrente	370.504,39€

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
----	0,00€	0,00€	0,00€
Subtotal investimentos achega provincial 2020	0,00€	0,00€	0,00€

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO EN CORGO, OUTEIRO E BANDEBÓ, PARROQUIA DE BREXO-LEMA	89.665,45€	0,00€	89.665,45€
Subtotal investimentos achega provincial 2019	89.665,45 €	0,00€	89.665,45€

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE SAN LOURENZO HACIA O PINAR E HACIA A TORRE E BARREIROS	56.159,38€	0,00€	56.159,38€
AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO EN GRADUIL E A PENA	96.999,99€	0,00€	96.999,99€
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	153.159,37€	0,00€	153.159,37€

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución de débeda
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.	0182 6244 0083 00000000000002	110.867,02€
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.	0182 6244 0895 60244201	28.000,00 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		138.867,02€

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	0,00€		0,00€
	Achega 2020	0,00€		0,00€
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	370.504,39€		370.504,39€
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	0,00€		0,00€
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	0,00€	0,00€	0,00€
	Achega 2019	89.665,45€	0,00€	89.665,45€
	Préstamo 2020	153.159,37€	0,00€	153.159,37€
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	138.867,02€		138.867,02€

TOTAL	Achega 2020	370.504,39€	0,00€	370.504,39€
	Achega 2019	89.665,45€	0,00€	89.665,45€
	Préstamo 2020	292.026,39€	0,00€	292.026,39€
	TOTAL	752.196,23€	0,00€	752.196,23€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO CAMIÑO DE SAN ROQUE, FONTE CUNTÍN E COBAZÁS	95.491,28€
MELLORA DOS PARQUES INFANTIS DE ANDEIRO E ANCEIS	61.766,19€
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NA RÚA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS E NO CAMIÑO DAS GAMELAS	66.529,10€
RENOVACIÓN DO EMISARIO DA REDE DE SANEAMENTO DO P.I. DO ESPIRITU SANTO, TRAMO A MARISQUEIRA E TRAMO MUIÑO VELLO, CAMBRE	189.911,27€
TOTAIS	413.697,84€

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á concellería-delegada da área de Urbanismo e Obras, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Sometida a votación ordinaria a emenda do ditame, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e

dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a emenda tal e como foi transcrita.

Sometida a votación ordinaria a proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade o día 11 de decembro de 2019, coa incorporación da emenda de data 12 de decembro de 2019 formulada polo Sr. alcalde, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona Marta María Vázquez Golpe) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por dezaseis votos a prol, acordou:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	370.504,39€
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00€
Subtotal gasto corrente	370.504,39€

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
---	0,00€	0,00€	0,00€
Subtotal investimentos achega provincial 2020	0,00€	0,00€	0,00€

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO EN CORGO, OUTEIRO E BANDEBÓ, PARROQUIA DE BREXO-LEMA	89.665,45€	0,00€	89.665,45€
Subtotal investimentos achega provincial 2019	89.665,45 €	0,00€	89.665,45€

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE SAN LOURENZO HACIA O PINAR E HACIA A TORRE E BARREIROS	56.159,38€	0,00€	56.159,38€
AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO EN GRADUIL E A PENA	96.999,99€	0,00€	96.999,99€
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	153.159,37€	0,00€	153.159,37€

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución de débeda
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.	0182 6244 0083 00000000000002	110.867,02€
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.	0182 6244 0895 60244201	28.000,00 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		138.867,02€

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	0,00€		0,00€
	Achega 2020	0,00€		0,00€
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	370.504,39€		370.504,39€
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	0,00€		0,00€
C- INVERSIONES	Achega 2020	0,00€	0,00€	0,00€
	Achega 2019	89.665,45€	0,00€	89.665,45€
	Préstamo 2020	153.159,37€	0,00€	153.159,37€
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	138.867,02€		138.867,02€
TOTAL	Achega 2020	370.504,39€	0,00€	370.504,39€
	Achega 2019	89.665,45€	0,00€	89.665,45€
	Préstamo 2020	292.026,39€	0,00€	292.026,39€
	TOTAL	752.196,23€	0,00€	752.196,23€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO CAMIÑO DE SAN ROQUE, FONTE CUNTÍN E COBAZÁS	95.491,28€
MELLORA DOS PARQUES INFANTIS DE ANDEIRO E ANCEIS	61.766,19€
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NA RÚA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS E NO CAMIÑO DAS GAMELAS	66.529,10€
RENOVACIÓN DO EMISARIO DA REDE DE SANEAMENTO DO P.I. DO ESPIRITU SANTO, TRAMO A MARISQUEIRA E TRAMO MUIÑO VELLO, CAMBRE	189.911,27€
TOTAIS	413.697,84€

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á concellería-delegada da área de Urbanismo e Obras, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Maria Luisa de la Red Ampudia